

# Rosalía en Camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS  
MULTILINGÜES 2023



CASA DE ROSALÍA



Edita:  
**Fundación Rosalía de Castro**

Apoian:  
**Parlamento de Galicia**  
**Turismo de Galicia. Xunta de Galicia**

Dep.Legal: C 879-2023  
ISBN: 978-84-87668-59-3



# **Rosalía en camiño**

**DÍALOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES · 2023**





**Diálogos**

## Introdución de Chus Pato

Coordinadora de *Rosalía en Camiño*

Velaquí a cuarta edición de *Rosalía en camiño* e de novo a ledicia de formar parte da travesía. Grazas á Casa que nos convoca, moi agradecida ás e aos poetas que tiveron a ben dicir que si, que querían vir, que desexaban honrar a memoria de Rosalía.

6

Quixeran ser estas miñas verbas unha maneira de agarimar, de acariñar a magnífica escritura de quen nos acompañan.

Non é a miña intención vincular a escritura de **Jesús Castro Yáñez** coa de P. Celan, pero se un poema sabe como salvar o cisma entre o non e o si é o que el asina. Aprendemos que “a noite trae palabras negras” e inmediatamente que son coma andoriñas felices ou coma os pneumáticos dun tractor. “Escoitamos a lingua negra da noite”: cando preguntamos pola causa de negrura, o poema reenvíanos á tintura das moras. E non, non é un xogo, nin un gusto por nivelar os contrarios, é máis ben un non poder quedar na elexía. É tamén a procura dunha resposta que a lingua ofrece despois de percorrer as formas, despois de coñecer os límites. Escribir sería enmarcar, reducir, cortar na lingua o que nela vive e alenta ceibe. É amor cedendo o paso a un encontro salvaxe. É amor quen prefire o que está roto porque está máis aberto. É amor quen elixe a voz e ningún idioma. O poeta coñece o fracaso que en si mesmo é o poema, coñece tamén que só un poema é quen de pousar o amor “coma un

carbón aceso/na boca do mundo”, que só un poema logra que un amor teña a idade da vida. (...) “un encontro en ultramar de /homes bailando como faros”.

Dúas poderosas alegorías abren e pechan a escolma que **Antía Otero** nos presenta: a defunta raíña do enxame e a pega rabilonga que -apostando pola esperanza- gralla “é aquí!/é aquí”. Iconografías que chantan os extremos e a divisa desta escritura: sobrepoñerse á derrota e na espera traballar por un mundo de xustiza. Entre un bordo e outro dánosen a ler alfaías do seu último libro *Barroco*. Son poemas que, valéndose do repertorio da Historia da Arte e sen renunciar a el, acochan e desvelan a sorpresa do compromiso civil – anoto ao pasar que é este, o da sorpresa, un dos riscos do seu carácter ou estilo, os poemas sendo o que amosan nunca son o que parecen–; así a femia granate mexicana sévelle para soste que a pedra angular dos Imperios non é nin o ouro nin a prata senón –neste caso– a explotación das femias da cochinilla usadas, como ben sabemos, para a produción da beleza. Contra todo preciosismo a elección é a da tona da laranxa que de inmediato se transforma en columna salomónica tal como o nó da dignidade dun pano labrego que nos seus debuxos porta as veigas e o gando e as palabras da casa. Así esta “insurrección/austeridade ingrávida”.

Arrisco e sosteño que os poemas de **Luís López Alonso** pertencen a aqueles que non transmiten porque o que precisan é chamar; porque son da orde do que se encripta e se expón a ser descifrado. A viaxe é por mar, quen viaxa é a posibilidade do poema –se cadra nunha botella–. Só cando chega ao areal do corazón, e tras un longo enmudecer, pode o poema abrir a súa voz para un ti que o acolle e o escoita; aí “abrimos á voz en rama” e balbucimos “ram/ram/ram”. Amar as furnas non é algo diferente a saber que o froito precisa a raíz baixo terra, que só así se pode abrir á luz. O mesmo sucede con nós mesmos, criados na placenta materna ou mergullados baixo a ría “hai lar nesta brisa arousá/que erosiona os timbres da nenez”.



Medimos a profundidade do poema polo que lle fai ao idioma “rosas/nun forno insondábel” –o poema enteiro– pode ser un exemplo do que queremos indicar; transformar o Peta-zeta infantil nun verbo e conxugalo é ir directo á xugular da morfosintaxe. Erra quen pense que está diante dun experimento verbal. A quen así razoe lembrareille que as pulsións da chamada poética son insondables. (...)“roxas/en tafona de voz:/petalobleas”.

8

Importa sinalar que a memoria aniña na carne e non só no cerebro tal e como **Miriam Reyes** escribe. Importa porque esta afirmación e outras que lemos en *Fragments para unha poética* anulan as consignas que obrigan á escisión, a un xogo de contrarios cando o que se desexa é o poroso e non o cisma. É importante saber que a escritura parte e non só da ferida. Importa porque reclama para o poema unha magnitude maior que a da emoción ou a do sentimento da persoa. Importa non separar lingua e imaxe porque toda escritura é unha imaxe. É esta a causa de que o poema sabendo o que sabe, elixa pasar “la noche en lo frondoso” e lle dea a volta ao rol erótico dos xéneros “hasta que soy yo/quien está dentro”. É entón cando o eu se transforma en area e o deserto/a paisaxe é imparabile. É a area quen outorga o coñecemento, saber que unha casa é unha propiedade e que a terra prometida é cousa de outros. Se por algo debeve o poema é por escribir unha verdade. Estes poemas son donos dunha das máis salvaxes, a impropiedade da vida: “nós non somos daquelas ondiñas/que veñen e van//fomos e ficamos/coma os cravos/a golpes de martelo.

Abre **Sara Plaza** definindo a orfandade “o que todo rostro debería devolver no azougue das pupilas”. Pecha cun texto que poderíamos considerar unha poética, en todo caso un imperativo: a escritura expulsará de si o que manque. Dúas divisas para unha ética do poema. Unha escritura que na súa notación en páxina se nos presenta sempre en dous golpes de voz: golpes que ordenan a ollada de quen le cun espazo en branco máximo entre a primeira vez e

a segunda (se a lectora opta por ler en horizontal –que tamén é posible– terá que aceptar o tempo de pasar a páxina). A distancia espacial ou temporal posibilita a reflexión que se precisa para comprender que a primeira vez –sempre máis curta– se desenvolve na segunda. Así “a fenda no bordo esportelado dunha noite sen pan” da voz primeira “tinguilea na cunca/a fractura do tempo//a culleradas baléiranse as veas/” da escritura segunda. Dona da iconografía da páxina e do dominio do tempo a poeta suma, resta, multiplica, divide e sempre leva. Contra a derrota, contra a desaparición, contra o esteticismo, contra a docilidade: unha dialéctica en bloque. “Amence cando agochas na epiderme o sal”.

A metáfora emparella o que non se concibe unido e por un intre semella que os dislocados se poden bicar, pero ao mesmo tempo amosa a imposibilidade de que orballo e perla concorden. Os poemas de **Xuan Bello** emparellan unha voz reflexiva con situacións que se dan no mundo, dalgún xeito é o contexto externo o que sostén o poema “Nieva nel tópicu/mentes conduz per una carretera comarcal/a 120” A relación establécese de forma que voz e acción se lean sen fisura, pero –coma no tropo– dásenos a ver un resto; resto que evidencia que a harmonía das palabras non pode ofrecer consolo a quen fai balance e escribe. Se cadra isto –a tonalidade dunha saudade irremediable– é a elexía. Exame da conciencia sobre unha vida que decepciona a quen a vive e malia a todo non renuncia. *La inquietú que nos quema* recolle as cavilacións que un fillo lle dirixe ao seu pai defunto; así remata “Llévame ellí, padre, y dime/lo qu’agora sé y entós nin intuía:/hermanos somos na inquietú que nos quema”.





## Jesús Castro Yáñez

Jesús Castro Yáñez (A Pastoriza, 1992) é autor dos libros *Os nomes e os himnos* (Espiral Maior, 2016) e *Ultramarino* (Chan da Pólvora, 2017).

Como tradutor editou a antoloxía de poesía LGBT+ *Campo de plumas* (Sushi Books, 2021), primeira antoloxía en galego con ese enfoque e tamén a primeira vez que poemas de autores tan importantes como Elizabeth Bishop, Jack Spicer ou H.D. chegaban ao papel na nosa lingua.

A comezos deste ano publicouse a súa tradución d'A *antropoloxía da auga* (Chan da Pólvora, 2023), de Anne Carson.

Ten participado en diversos festivais e ciclos de poesía, como é o caso de Marpoética, Poetas Di(n)versos, VERSUD, Živa književnost, Alguén que respira! ou Festival C de Santiago de Compostela.

O seu traballo apareceu en volumes colectivos, como *No seu despregar* (Apiario, 2016), ou 13. *Antología de la poesía gallega próxima* (Chan da Pólvora Editora/ Papeles Mínimos, 2017).

A súa obra foi parcialmente traducida ao catalán, o castelán, o inglés, o grego, o finés ou o esloveno.

*Aprisa Alvaro d'Anido,  
Vive moito en pouco tempo,  
Espolea ó teu cabalo,  
E espoleandoo revéntao.  
¿Qu'importa un nobre cabalo?  
¿Qu'importan dous nin trecentos?  
O qu'importa Alvaro Anido  
E chegar cedo.*

Poema escollido por  
Jesús Castro Yáñez  
para o diálogo.

*Follas Novas, 1880*

*Vai d'un polo á outro polo,  
Rexistra os antros terreos,  
Monta n'a locomotora,  
Sube n'os grobos aereos,  
E c'o á centela recorre  
D'o vacío o espazo inmenso:  
És homme, e cansarás Alvaro  
Correndo e correndo.*

Si, hai quen tensa o galope  
en transe e non descansa,  
cabalgar case imposible  
que aínda insiste en suceder.  
Hai quen amansa os camiños,  
e quen cabal sabe  
domar a súa canseira  
coma unha besta albar.  
Hai quen monta sen mans  
un cabalo redondo.  
Hai lonxe que nunca é lonxe  
dabondo, animais abafando  
o futuro, alentos en fuga  
que aburan o sangue,  
aire hai.  
E cabalos que correron  
ata que xa non puideron  
parar de correr.

Poema de Jesús Castro Yáñez  
para o diálogo

A FRAN (UN DIÁLOGO)

*Que son fai unha flor ao abrir?  
—É tenro o silencio da noite.  
Que son fai unha flor ao murchar?  
—Cada vez me gusta máis calar.  
Que son fai unha flor ao marchar?*

hai finais que non están no corpo  
case todos

fóra máis ca un lugar é movemento  
co que relevamos á nosa quietude  
para acompañarnos o un ao outro

14

falando cara fóra  
non hai outro xeito

dicimos  
o oco que deixamos nas cousas  
e aínda así seguimos repetíndonos  
nos nosos nomes queréndonos desaparecer  
desaparecéndonos acompañados o un e o outro  
e ata escribimos enmarcamos o que estaría  
na linguaxe de todos os xeitos e libre

talvez para recoñecernos nun rastro

atoparnos na última das formas  
canda o contorno que deixa un final  
e alí un pequeno trazo tódalas respostas

BALTAR, 1:00 AM, AGOSTO

Aquí quedamos poucos. Ensináronnos a pasar as horas facendo pouco ruído e así nos afixemos. Logo de ir nos deitar, se poñemos atención, podemos escoitar a noite rabuñándose polas silveiras. E todos, cada un no seu cuarto, pensamos nas palabras que quedan. Podemos escoitar as pantallas da néboa crebar esforzadas contra os tellados, escoitar unha abundancia de hedras cifrando a superficie dunha despedida. Escoitar, tamén, as peras madurando na árbore detrás da casa: expresións comezadas a aprender polo verán entusiasmado, cancións que acaban de prender.

Detrás de todo iso hai un eco que nunca acaba e que nunca acabamos de coñecer e que di

nós

nós

nós non somos moitos e buscamos unha palabra que non marche. Escoitamos atentos. Calamos coma quen camiña somnámbulo á desaparición dun lugar.

Preguntan algo as agullas dos piñeiros ao bailar longamente cara os vértices do pasado, e é unha maneira de medrar deshabitada.

A noite trae palabras negras. Coma andoriñas felices nunha cova, coma os pneumáticos poderosos dun tractor. Escoitamos a lingua negra da noite. Estivo comendo amoras.



ULTRAMARINO (I)

Ten que ver con algo parecido á esperanza  
que atope gran pracer en sosterlle  
a mirada a descoñecidos,  
aos espazos negativos das fotografías e  
aos cuartos baleiros,  
e a todo o que comeza, porque  
é simple e axiña imposible.

Definitivamente ten que ver co amor:  
quero terminar das cousas  
que se abren ata non ser  
—a calor das prazas, os surtidores  
das fontes, a mirada dos descoñecidos—  
existir en primeiras veces,  
suceder só de repente  
para  
suceder compasado á vida,  
salvaxe  
coma un encontro en ultramar de  
homes bailando como faros, querendo  
estoupar con coidado os uns  
nos outros.

E desbordados de ópalos  
aniquilar o tempo.

ULTRAMARINO (VIII)

Que complicado  
querer ser unha canción simple,  
non facer do silencio  
                    inimigo ao que aprender a admirar  
nin das nosas voces  
talismán tranquilo para pousar  
na soleira

dun cuarto no que persiste o olor  
familiar dos totais descoñecidos.

[fóra  
[nubes veloces advertencias

17

Non ten sentido  
falar da nosa voz en singular,  
non ten un centro este cuarto.  
Pasamos moito tempo  
acaroados ás ventás porque é importante  
ver que un cristal  
                    abre a tarde en dous  
coma un pexego  
e preferimos iso que está roto  
porque sabe estar máis aberto.

[nos nosos ollos  
[unha carabuña  
[na soleira

É importante ver que un cristal  
poida crer a súa propia mentira, cantar  
unha canción simple  
na que a paisaxe  
admita que non vale nada  
e sexa á fin libre.  
Dentro do cuarto  
a cadeira as baldas a lámpada  
concretas van estarricando enteiras  
as súas sombras.

18

A noite, coma calquera mapa,  
falará do que falta

[o tacto existe  
[onde  
[existe a vulnerabilidade

e cando nos deitemos cada un  
na súa cama  
tras apagar a luz  
tódalas cousas se farán reais  
é dicir  
tódalas cousas semellarán  
necesarias por un intre.

ANGELUS NOVUS

Un anxo acendeu a nosa fronte  
cunha marca de sete espellos. Un anxo  
cos xenitais na voz e ningún idioma  
para a vergoña, con fariña nas palabras,  
verbos só de vogais felices coma estrelas  
e unha vez que estoupen  
volveremos ao segredo sen mensaxe da nada.

Un anxo nunca repetiu ningún son  
por medo a facelo sólido. Calou así  
só para que non lle pesaran as palabras,  
e ser honesto, e facer do silencio  
unha arqueoloxía íntima onde recordar é coidar.

Nós escoitamos a nosa voz coma un trono dicir  
está tronando,  
nós manchamos de branco a camisa branca  
e sabemos que así foi amar: unha luz tódalas luces,  
aínda que unha luz cega para si mesma.

## CANDO NINGUÉN MIRA

É fume duro, o do tempo en prata aceso,  
cando este pasa asubindo polas súas vías  
estertores que xa case nunca arremeten,  
e só se observa como ensaia volver brillar  
a cinza dun cauto incendio improvisado.

20

A ese estarse apagando imítase en algo  
a tristura intocable da luz sen a carne.  
Arder foi a obra e tamén o premio;  
o demais, soidade. Non puido contarse.

Os ollos traducen como as cousas calan.  
Cámara, luz, acción: un e trino é o ollar,  
e a vida ficción finxida na que o actor  
é autor da única verdade, e é ambigua.  
Pois cítannos iguais os días, e con todo  
non se repite o que pasa, mais somos francos  
como para crer que a súa mentira non é tanta.

Imaxe case real, a vida: aceno  
que a luz interpreta cando ninguén mira.

CANCIÓN DO 18 DE AGOSTO

Sementes e montañas  
durmen tan lonxe...

*Aló,  
como de grandes son as  
palabras?*

...que hai na súa sombra  
o mesmo esforzo.

*Lonxe  
é o tamaño dos  
mortos.*

A noite fala camiños.  
Alguén busca unha maneira  
de medir os seus ecos.

## SEMÁNTICA

Seguirán sen querer as palabras  
case todo o que a elas lles pertence,  
aínda que outra vez as repitamos  
por se algunha fe nosa puidese  
chegar a convencelas de si mesmas.  
Dicimos lume e ningunha calor cumpre,  
a música bocexa sen aire  
baixo o único ritmo das letras,  
chega a noite sen obsidiana nos ollos  
cando só as nosas voces a reclaman.  
Sucede porén o seguinte:  
ao chamar eu o teu nome, e ti o meu,  
entregamos ao outro un himno,  
pousámonos coma un carbón aceso  
na boca do mundo.

SEN TÍTULO (MÚSICA)

somos pasaxeiros coma unha pluma  
é algo que creo porque o escoitei nunha canción  
pero non sei en que sentido o dicía  
todo pode pasar todo  
pasa

*o pasado é de prata  
o presente unha choca nos ollos  
o futuro non pesa  
o futuro non pesa*

23

somos pasaxeiros coma unha pluma dun paxaro que non cre  
nas pedras nos anxos nas pedras de leite dos anxos  
un paxaro que sente nas campás  
o seu deus de ecos  
e ten fe xorda na persistencia  
quieta e cada vez  
máis quieta en  
avalanchas



*o presente é de bronce  
o futuro un asubío ao lonxe  
o pasado non pasa  
o pasado non pasa*

somos pasaxeiros coma unha pluma que desaparece  
se se pouosa  
porque entón sabe tan pouco o ceo dela  
como sabe un peixe do orballo  
como coñecen as cuncas sobre o inmenso  
pero ás veces temos ganas de desbordarnos  
e pousarnos en todo o que está roto e dese xeito  
amar

24

*o futuro é de ouro por afinar  
o pasado tangué o corazón  
o presente non pouosa  
o presente non pouosa*


somos pasaxeiros coma unha pluma  
de moita dura e dureza que boura  
con estrondo contra o aire  
coma unha badalada  
que perfora e rima o día  
coma unha  
badalada coma pequenos brillos  
somos unha música  
unha música unha  
música que é xoias furando o tempo pero

somos máis  
dos que o tempo  
pode son  
cascabeis os nosos  
corpos batendo incesantes  
soando  
con calor contra o presente

así atravesamos a vida  
así temos a idade da vida  
cando a atravesamos

*a vida non pausa  
a vida non pausa  
o seu frémito de sinos  
martelados con plumas*





## Antía Otero

A Estrada, 1982. Tras licenciarse en Historia da Arte e formarse academicamente no territorio da práctica escénica e o cinema, traballa entre o mundo da edición e a escrita. Dende 2014 codirixe o proxecto cultural, escola de escritura e editora independente Apiario, xunto a tamén poeta Dores Tembrás.

Como poeta gañou o VII Certamen Francisco Añón co poemario *De porta un Horizonte* e publicou os poemarios individuais *O Son da Xordeira* (Espiral Maior, 2003), *(Retro)visor* (Finalista Premios AELG 2010) e *O cuarto das abellas* (Premio ao mellor libro de poesía na II Gala do Libro Galego, 2016), ambos editados en Xerais. No 2022 ve a luz o seu último poemario *Barroco* editado por Apiario, selo no que no 2017 xa publicara *O branco non pinta*, a súa primeira incursión como autora na literatura infantil.

A súa obra pode atoparse en revistas, obras colectivas e antoloxías. Os seus textos foron musicados por bandas como Chicharrón, fanny & alexander, Xosé Manuel Budiño e Guadi Galego.

Sempre foi dabondo  
unha lousa para me salvar  
e unha palabra túa  
para pousar os xeonllos

as candeas virando no aceite

estraperlo de estampas  
de man en man entre as veciñas

o *San Antonio* de cerámica  
co tríptico dun corazón bombeando  
cen pombas sobre o celeste

28

As túas febres son as miñas derrotas

nesta casa aberta  
por anos e anos  
co interior a remollo  
no linde do medo, mazás entre as teas  
a horta  
os cans  
o arame para que non escapen  
os teus cans  
os tiros da caza entrando a mañá

As túas febres son as miñas derrotas

neste dogma construído coa imitación dos xestos  
na éxtase feita canto e oración  
no meu silencio de discípula percorrendo  
cruceiro

e transepto  
cos zapatos de domingo  
marcando os pasos

tan tímida  
coa boca entreaberta chea de corpo  
pensando se mordelo ou non  
o corpo  
coa boca  
camiño do que máis brilla

*-E se mordes será pecado  
herdarás a mácula do pecado,  
pois cando unha mandíbula traba  
unha cobra revive  
pois cando o cuspe flúe  
unha palabra esperta*

*-Meu señor, ben sei o que di  
pero a miña estirpe é máis antiga  
que o poder dos bestiarios,  
coñezo o veneno e o antídoto  
tamén o que proe e nunca sanda,  
os meus ollos intúen na noite  
e a suor das miñas mans augura tormentas,  
non temo á iconografía lacerante  
ao contraataque bordado a encaixe  
na sombra alongada dos santos  
benditos  
benditos*

*unque me maten,  
unque me esfolen.*

A autora escolleu para este diálogo o poema "San Antonio bendito" de Rosalía de Castro, *Follas novas*, 1880.

O día que a raíña morreu  
xuntáronse os abázcaros  
para repartir os versos

Ao redor do cadaleito  
abriron bocas  
suor en vinagre  
libros  
cadernos  
as follas máis íntimas

revisaron notas  
panos de mesa

todo lugar  
onde o branco é posible  
para a tinta

A loita por habitar  
o texto  
a presenza do recordo ecoando  
nas ás

O corpo seccionado  
compartido  
en cuartos de hoteis  
ciudades de cristal  
A grima da imaxe derrubada  
por tantos ollos coma días  
e as mans que todo o tocan  
en linguaxe de signos  
ante notario

A guerra por estar  
no subtexto

a referencia

*-ese saber-*  
que existiches  
alén da derrota



NATUREZA MORTA #1

Ningunha perla  
nácara irisada  
damasco  
satén  
tulipáns papagaio  
xerras con mascaróns  
porcelana fina  
culleres de estaño  
bandexas para o pan  
ningún animal exótico  
a bondade das bolboretas  
cabaliños do demo  
bólas de cristal  
preciosismo.

Só unha táboa de madeira nun recorte de luz  
e sobre ela  
a tona dunha laranxa de comezo a fin  
estendida e salomónica no acabado.

Na beira o descanso sostido dun coitelo  
-signo de aire o xesto veloz que operou  
no medio do día cando a sede apertaba-  
ten un reflexo en catasol sobre o gume.

Desta escena provén o meu Barroco  
partículas de po nun depósito volátil

efémero  
partillas de dor e confianza

insurrección  
austeridade ingrávida.

VANITAS #3

Procuraba algo que recendese  
un frasco diminuto de quintaesencia  
a emoción dun vocativo

inútil buscar no aparador  
un ápice de romanticismo  
mazás reineta  
espigas de lavanda  
perfumes de París.

34

As mans removeen ata dar co embate  
a conmoción da tea  
catro puntas dobradas ao medio  
ata ser triángulo  
un nó rotundo sostendo a dignidade

no seu pano  
as veigas da casa  
*portobouzo, a senra, codesal,*

nos debuxos vexetais  
a sombra da sega  
*fonte, tileiro, alpendre*

no branco e negro  
o peello do gando  
*mora, paloma, marquesa*

no bordo final  
escrito en tipografía itálica  
*Donatzelli*

coma se Donatello e Botticelli  
tivesen unha filla con nome composto

creado o seu olor

*o rastro dun mundo.*

FOTOPIGMENTO

Nada se adapta ao medio como o ollo  
convive co escuro  
e no insondable descobre pistas  
pequenos asomos que emanan das fendas.  
Acostúmase. Aprecia o volume,  
formas traxicómicas en avance polo cuarto.  
O espazo real, a respiración, un aceno verde.  
Imita a cortiza para manterse en flotación.  
Pestanexa como fan os seres paulatinos.  
Rexenérase co húmido. Volve comezar.  
O seu positivismo é cruel.

METAMORFOSE

Dispón un ño sobre fondo negro e será o *Agnus Dei*  
salvación do mundo  
transfusión e divindade sobre a mesa da cociña.

Omite o gume do sacrificio  
calquera mácula que delate

facilita o candor no pelo  
a promesa que xamais será la.

Ante ti o misterio  
a orixe da badalada  
milenios practicando o poder da alquimia  
*entre o sacro e o profano.*

DACTYLOPIUS COCCUS

O sinal que tinguiu as cidades do mundo  
un anagrama, o alcance no combate  
a mancha seca no liño, o que foi intenso e madurou  
a fragua de Marte, o golpe na bigornia  
furia ampeando na extinción malia saber  
como reabre o que manca

por iso a alerta  
a ebulición  
un berro musitado nas fazulas.

*Cantos insectos por fio de sangue?*  
o estupor na resposta levantará un imperio.

38

Nin ouro nin prata  
milímetros de femias grana mexicanas  
recollidas baixo o sol  
postas a secar ata ser puntos negros  
saquetas a través do océano  
un botín que non se ve  
-non por invisible, senón por microscópico-.

Pigmento carmesí  
intenso no veludo  
será o ronsel hospedado na chumbeira

tintura espoliada nos mantóns máis rexios  
veas dos santos  
laceración de mártires

un trazo de pensamentos sinuosos  
o que acende.

ÉCFRASE

GESTILESCHI, ARTEMISA

A lectora protexe a Susana dos vellos.  
No ángulo da folla  
verte cuspe

pasa páxina co índice.

Eles sumidos nas tebras  
acusan o rexeitamento baixo papel mate

ningún brillo na escena

só o eco frugal

un corpo que se contorsiona  
na negación

a heroica forma do vulnerable.

*Poderás elixir  
entre violación ou escarnio?*

Non é recíproca a pregunta  
na escolla compendios de memoria  
arquivos  
contedores de memoria

memoria

memoria que abrasa.



ÉXTASE II

Gozas o episodio  
pero sabes que non hai lugar a onde volver

a foresta é outra  
un apósito  
unha artesa restaurada

*e logo que?  
has meter fariña nela ou porás gancho enriba?*

40

Colle aire, revisa os danos, non te pases de freada  
esta voz metade lámpada metade sol  
diche o mesmo que Valéry:  
*os entes exteriores tornan obxectos cando fixamos a atención*

e ti es a mellor buscadora de obxectos deste páramo  
véñenche ao pé  
responden ao asubío  
acaríñalos con obstinación  
non hai castigo maior que o seu abandono

arganas na chaqueta  
anacos de adival

a construción dun altar pagán.

Dime que limparás o po  
mais non tentes o andar de Lázaro

despídete  
despídete  
déixao ir

41

que o pudor non impida o explícito

toca a verdade aínda que sintas descargas ao escribila

vimos dun territorio devastado que miramos arder  
mentres poetizabamos o fume.

A pega rabilonga  
exemplar último da súa especie  
tradea o ceo da urbe

a falta de árbores  
acouga nos tubos da auga  
arquitectura de materia plástica  
despoxos que arderán no arrabalde

dende o alto  
esculca o serán de cinza nun panóptico

a ausencia de movemento, ratos e xemas  
fai lle tragar cuspe.

Revisa as calidades dun pasado córvido,  
o seu abrigo metalizado como único sobrevivinte  
e recoñéceo, bota de menos a advertencia do azor,  
aquele despregar de xofre.

Xamais deixou de admirar a súa presenza real, a acción directa  
sen piedade. A ameaza necesaria agora extinta.

Hai tempo que esqueceu os tesouros dos ourives  
as alfaias dos prateiros  
ningunha obsesión posta nas xemas preciosas  
nin cábalas, nin soños,  
a pega  
escolle a certeza do que atopa co pico  
a amargura dun botín predecible.

De cando en vez preguntalle ao silencio  
*-e onde están os que estaban?-*

entorna os ollos crendo ver sinais de pel humana  
espíritos de calor nun horizonte de mercurio

mais nesa ebullición  
nin migallas de pan quedan nas rúas

quizais con sorte  
unha arandela de lata  
o óxido dun fuso  
vestixios da civilización que puido ser.

A pega reconece a fatiga  
sobre os ombreiros brancos

despídese  
prepara o final da danza

sen alento  
escolle regresar á escuridade  
ao abeiro anónimo da morte  
mais na quietude do que se apaga  
revisa a súa tradición de paxaro  
a biblioteca íntima de sangue

no derradeiro brillo da ascua  
pensa no corvo parlante de Poe  
no corvo prófugo de Rivas  
e un Never More refulxe no peito

albisca ao moucho de Rosalía  
e por fin cesa no temor ao que virá  
  
na suavidade entrégase.

Ao seu redor  
acaban de pousar  
os reiseñores de Wilde  
de Keats

adobiana con grilandas e trilos

44

aterra nunha beira  
o merlo de Stevens

por aló naquelas ondas  
chocan as ás  
os cormoráns de Xela Arias  
de Alba Cid

rexorde a beleza  
co colibrí de Ida Vitale

a roibén  
recibe ás andoriñas de Wiesenthal  
ao falcón peregrino de Baker  
todas as plumas de Emily Dickinson

e non han parar  
non han parar de chegar  
ata o cabo da noite  
estas brigadas aéreas  
guiadas polo vento

que grallan e berran e corvean  
que corvean e grallan e berran  
que berran e corvean e grallan

*esperanza é aquí!*  
*esperanza é aquí!*

(Poema escrito para o VI Festival  
Alguén que Respira e publicado  
no volume colectivo *22 ecopoemas  
contra o cambio climático*,  
Concello de Santiago, 2023)





## Luís López Alonso

Naceu en Sarria o Día de Rosalía de 1977. Licenciouse en Farmacia, graduouse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e é profesor e investigador do departamento de Tradución e Lingüística Xeral da Universidade de Vigo, ademais de guionista.

Como poeta cómpre salientar *Presal* (Xerais e UVigo, 2019) e *Salífero* (Urutau, 2020), ademais da peza efémera multidisciplinar *Salífero opus #*, baseada neste último poemario e creada en colaboración co fotógrafo e artista visual Rafael Mallo.

Dentro das obras poéticas colectivas, *Lupercais (Unha antoloxía posible)* (Chan da pólvora, 2023) é a súa última e recente colaboración, dedicada a presentar o grupo poético lucense das Lupercais.

Participa en publicacións como a Revista dos tr3sreinos, *O pazo das musas*, *Xistral* ou *Grial* e en diversas actividades poéticas, como a residencia itinerante internacional «Ámeto mítico», que organiza a Fundación Uxío Novoneyra.



DE DÚAS VAGUEDÁS E DO ÍNTIMO DA SOMBRA

\*

*Aquel romor de cántigas e risas...*

silencio!

e que a man só apalpe

os corpos

onde escribe

onde le

onde tanxe o resoar

48

de cousas que pasaron

onde tanxe

i outras que pasarán

silencio!

que dance a nebra

nos ollos

carillón

nas tempas tan triste

tan doce tan

palabra que vele a idea

*SILENCIO!*

*SILENCIO!*

*SILENCIO!*

só apalpa: danza:

ao velado nesta soidade

dálle a benvida

\*\*

benvida nebra verba  
en min  
e en toda danza e morada

ti que es danza e morada  
vela o orballo e a carne  
vela o vento e o río  
a aurora e a noite  
o mesmo sol  
velado

49

benvida nebra verba  
en min e en todas  
vela o amor  
e as lembranzas:  
baila a verdade

nesta danza  
benvida e sempre  
asombrada  
soia

\*\*\*

apalpa a verdade nos corpos:

soia

*chis chas*

velaí resoa:

que a pruma corra

que o sangue avance

50

que o sangue dance

nesta escrita

nesta escrita

íntima

nesta escrita

nebra

nesta escrita

*os corasóns tembrando*

nesta escrita

... ..

...

... ..

...

mar  
mar  
mar

desondemos

arribada a area toda do corazón  
o batifondo caracolea ausente

mar  
mar  
mar

re  
calamos

enxergada na beirada de non dicir  
abrimos á voz en rama

ram  
ram  
ram

desondemos

todo aquilo que ao arrastre  
recibiches do Con negro  
vóltao á maré nembargantes

co risón tatuado ao sucoesterno

o respirar do mar costela  
encol da súa toalla abre encolle  
un preciso acompañar

brisado

de verbo

hai lar nesta brisa arousá  
que erosiona os timbres da nenez.  
gravita o centro do mundo arredor do teu

54

centro

afondado astro raizame fusca  
xunto o sol materno un pranto novo  
igual que a ría que placenta

en vida  
as décadas son convidadas  
a permanecer

non por ti:

sombrizas pardelas e canilongas  
comparten o seu mesmo bocado  
con honestidade

durante esa esencial outonía  
un estar remexe no prato as horas  
con bico de estíos:

non ti



na dorna na que dormes  
estelado abre ao sal  
e renxe a madeira:

56

a raíz da que te retorces  
pula por ti expatriado:

e ondeas

rosas/ nun forno insondábel//

algo pesa máis/ que cando estaba unido// escachelado levedou/  
feluxento/ á vereas das carótides// acata ese peso e prégao/ baixo  
lingua// algo peta-ceta a súa ultra-dimensión// arródao arródao/  
do teu colo ora levigan corolas/ ora rodoalveolares rúnicas e/  
arródao// así resegregatedo//

roxas

en tafona de voz:

petalobleas

seis vellos castiros abalean  
nun vento druídico que acouga:

*chestnut*

*chestnut*

*chestnut*

o ourizo abre abre abre na corriza: *castaña*  
o abesedo a neve o lobo e o sollío: *castaña*  
triscan os nomes todos das andainas: *castaña*

58

seis castiros abren a palabra *gesztenye*  
*gesztenye* dos ventos xiróvagos cantando  
nas lombas núas e nós con eles: *gesztenye*

fomos así castiros talvez fomos os soutos  
magosto talvez e talvez por sempre morada  
coa palabra no centro: *bullote*  
e a palabra no centro parada

(do poemario inédito en elaboración  
xurdido do Ámeto mítico 2021)

EUROPA

quen lembra agora un bico non é nada  
Metuxalén Metuxalén  
en Mauthausen  
que chegan as cometas!  
de brazos pendurando invertebrados bolboretas  
acostumaban a ser metralla como nun bodegón  
seca ou podre sobre a mesa de autopsias melocotón ou  
case sombra de balorento tapiz  
viño  
sangue  
non prefrades o comiño ante a estola da tarde correde!  
aos patios aos bordeis de Berito volvede!  
ao bico tan estraño aos meus dentes ao  
limo  
Deutschland  
ao limo

A MIÑA MAI,  
SEGUNDO STEPHEN SPENDER

dende  
e a min levaba mai  
cálamos virillas á beira do papel  
e a ron de cabeza cantarúxame agora o camiñar  
sen disturbios ríxida melancolía  
e a  
min que non me soltase na marxe escrita  
que eu aínda era cego e máis tarde  
parrulo de camiñar entre liñas (ollo para arriba)  
60 e un beixo desexado que fuxía de nós  
se fose noso  
como peterpans tras as follas do inverno  
sen disturbios  
dende amén  
*(unha carta de amor deitada fica baixo a árbore da miña  
futura canción preferida ergue a boina do universo  
-Ola  
e mamá indefensa sorri)*  
pinga o orballo no nariz da existencia  
e circunstancias na memoria

cae o anel silencioso á beira do camiño

(de *Presal*, 2019)



## Miriam Reyes

Ourense, 1974. Aos oito anos emigrou cos seus pais a Caracas onde residiu ata os 21. Deuse a coñecer como poeta no 1998 ao ser incluída na antoloxía *Feroces* (DVD). Co seu segundo poemario *Bella durmiente* foi finalista do premio Hiperion. Publicou seis libros de poemas reunidos no volume *Extraña maneira de estar viva* (Mixtura, 2022). A súa obra foi recollida en numerosas escolmas estatais e internacionais e traducida a máis de media ducia de linguas. Tamén traduciu e editou a poetas galegos, cataláns e portugueses contemporáneos. Desde o ano 2001 experimenta coa escritura audiovisual e o recital multimedia. Presentou os seus video-recitais en festivais de poesía, *spoken word* e artes escénicas.



nós non fomos daquelas ondiñas/ que veñen e van  
fomos e ficamos  
coma os cravos/a golpes de martelo  
os airiños non nos levaron/ do corazón

Poema que dialoga con Rosalía:

Este poema constrúese cos ecos de dous poemas de Rosalía: “Unha vez tiveron un cravo” (de *Follas novas*) e “Airiños, airiños aires” (de *Cantares gallegos*) e da canción *A Rianxeira*



## FRAGMENTOS PARA UNA POÉTICA

Mi escritura parte del cuerpo (de todo el cuerpo, no solo de la herida). El cuerpo es mi materia, lo que soy. *Mi vientre es mi mundo interior.*

El cuerpo es misterio. Lo aparente no es más que el caparazón del cuerpo. Una cáscara que se arruga con el tiempo, como una fruta; le salen manchas, se ablanda, se deforma. *Mi cuerpo desnudo está aquí y no en otra parte.*

En mi cuerpo está la memoria, tiene un espacio en mi cerebro pero también en mi carne. Así el lenguaje. Estas palabras son mi cuerpo. Una propiedad que me posee un refugio que me deja a la intemperie.

64

El cuerpo es intertextualidad. Huele a lo que come. Muta al contacto con otros cuerpos.

La anidación de cuerpos es un estadio temporal. A menudo nuestros cuerpos son duros muros paralelos que se quitan la luz.

Todo cuerpo es grave: conoce la atracción inevitable de la materia hacia la materia, de un cuerpo hacia otro cuerpo y de un cuerpo hacia sí mismo.

Todo cuerpo es leve: se separa de otros cuerpos y de sí mismo, borra la memoria, se desvanece.

No lo es todo pero es todo lo que tengo. A veces, ni eso. A veces, *soy la pura humedad que un día caló los huesos que tuve.*

El cuerpo fijado por el lenguaje, permanecerá como imaginación.

I

ensayamos formas de remendar  
lo que podría sufrir desgarro

detenido en el vano de la puerta  
tiembla el cuerpo presintiendo

